

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

Rueda e a negación da lingua propia. **STEG Opina**

Hai uns días puidemos saber que o Congreso permitirá o uso das linguas cooficiais en pleno, xusto cando botará a andar a modificación para consolidar o mesmo en plenos, comisións e escritos. Un acordo da Mesa rubricado a semana pasada permite adiantar o uso do catalán, galego e eúscaro no hemiciclo, pero tamén o doutras linguas como o bable ou o aragonés, segundo fontes do órgano de goberno da Cámara Baixa.

Dende o STEG aplaudimos esta medida, que pode e debe contribuir a normalizar o uso das linguas minorizadas, incluído o galego, prestixiando o seu uso en pé de igualdade co castelán e constituíndo un exemplo inmejorable para a poboación escolar da importancia do coñecemento e uso da nosa lingua, máis aínda no contexto lingüístico no que nos encontramos.

Pois segundo un estudo recente do INE, esta non é unha cuestión menor, ao fío dos datos obtidos de uso da nosa lingua, revelando que un 7,6% dos e das menores de 20 anos afirman non poder falar "nada" de galego e outro 21,7% di que o fala "con dificultade"; en total, suman case un 30% de mozos e mozas con serias dificultades para empregar a lingua galega. O mesmo sucede coa escrita, cun 15,4% de mozos e mozas que non son capaz de escribir en galego e outro 17,4% que o fai "con dificultade"; en total, un 33%. En canto aos usos, o castelán é a lingua maioritaria en Galicia tanto no ámbito familiar, coma no laboral ou á hora de falar con amigos e amigas. A diferenza co galego non é grande, pero resulta significativa. Mesmo no ámbito familiar, un 43,4% di falar "sempre" en castelán, fronte a un 34,8% que o fai en galego. Se ademais sumamos as persoas que empregan cada lingua "frecuentemente", a diferenza segue a ser de máis de sete puntos: 64%-57%

Mais a raíz desta cuestión e, malia o empeoramento da situación dende a chegada á Xunta de Feijóo en 2010, o actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, non perdeu ocasión para criticar a medida, afirmando que "está moi orgulloso do "bilingüismo de Galicia, vivir e ser galego, pero isto non quere dicir que teña moito sentido que haxa que usar 'pinganillo' entre dúas persoas que se poden comunicar noutra lingua que é o castelán" ou que "a min non me fai máis galego empeñarme en falar o galego para falar cunha persoa que pode entenderme en castelán".

Dende o STEG, lamentamos profundamente estas manifestacións e actitudes do presidente de todas as galegas e galegos, que debería ser o primeiro en velar pola protección, coidado e espallamento da nosa lingua e cumprir, de paso, co mandato constitucional, que no apartado 3 do seu artigo terceiro di: "A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección."

Actitudes coma a do Partido Popular e a do seu presidente, deberan merecer unha fonda reflexión por parte de toda a cidadanía en xeral e da comunidade educativa en particular, sendo motivo dalgún tipo de resposta, pois non podemos aceptar este tipo de condutas que atentan non só contra a lingua, senón contra a escola pública galega, malia que xa non nos sorprendan.

Sen dúbida, a instalación do baleiro no debate público é un dos meirandes méritos de Feijóo e de quen o sucedeu, pero dende o STEG queremos sinalar o noso desacordo coa aceptación deste estado de cousas. Que non conten con nós para a 'construción do inevitábel'. A sociedade galega merece outro tipo de liderazgo, un que amose o mínimo respecto e sensibilidade por un dos nosos tesouros máis grandes, e non o desleixo do ignorante, o que despreza aquilo que non coñece.